b) Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, só para aqueles aspirantes que non puideran acreditalo documentalmente.

c) Aptitude física, que incluirá a comprobación da estatura dos aspirantes.

d) Probas psicotécnicas.

e) Recoñecemento médico.

2. Todas as probas recollidas no punto anterior teñen carácter eliminatorio.

3. Facúltase o tribunal cualificador, unha vez rematada a proba de coñecementos, para establecer por orde decrecente de puntuación a porcentaxe de aspirantes que deban desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario, cuxo número non será inferior en todo caso ao dobre das prazas convocadas, para poder cumprir co previsto no artigo 13º.2 deste decreto, respecto da lista de reserva».

Catro.-Modificación parcial dos artigos 21º, 25º e 53º.

-O número 1 e) do artigo 21º quedará redactado do xeito seguinte:

«Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B con BTP».

-O número 1 e) do artigo 25º quedará redactado do xeito seguinte:

«Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B con BTP».

-A alínea d) do artigo 53º quedará redactada do xeito seguinte:

«Ser titular dos permisos de conducir das clases A e B con BTP, agás para a categoría de policía, que só se exixirán os permisos de clase A2 e B con BTP».

*Disposición derradeira*

Única.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e nove de abril de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

## *Orde do 5 de maio de 2010 pola que se establece a entrada en funcionamento da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Ferrol.*

Mediante o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia (DOG do 15 de decembro), optouse por aumentar o número de comisións de asistencia xurídica gratuíta, que pasaron das catro existentes ata aquel momento a sete, decisión esta que permitiu distribuír a carga de traballo de forma máis equilibrada, outorgarlle unha maior operatividade a cada comisión e, en definitiva, mellorar a capacidade de resposta do sistema. Pola súa vez, esta decisión, conforme a redacción vixente do parágrafo segundo do artigo 9 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, ao constituír unha comisión en cada unha das sete cidades galegas, incorporou elementos de equilibrio territorial, recoñecendo deste xeito a singular distribución demográfica galega e a proxección das devanditas cidades sobre as súas respectivas zonas de influencia.

Segundo a disposición transitoria cuarta do citado regulamento, a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Ferrol entrará en funcionamento na data que se estableza por medio dunha orde da consellería competente en materia de xustiza, a cal determinará o seu ámbito territorial. A orde de posta en marcha da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Ferrol especificará que unidade realizará as funcións de soporte administrativo da comisión.

Tendo en conta o anterior, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

*DISPÓN:*

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto determinar a entrada en funcionamento da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Ferrol, así como especificar que unidade realizará as funcións de soporte administrativo da comisión.

Artigo 2º.-*Ámbito territorial.*

O ámbito territorial desta comisión será o correspondente ao partido xudicial de Ferrol.

Artigo 3º.-*Composición e funcionamento.*

1. A comisión estará integrada polos membros previstos no artigo 5 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, cuxa designación se levará a cabo segundo as previsións da dita norma.

2. No seu funcionamento a comisión axustarase ás normas establecidas na Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, e no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

Artigo 4º.-*Soporte administrativo da comisión.*

1. Corresponderalle ao Servizo de Xustiza do Departamento Territorial da Coruña prestar o sopor-

te organizativo, administrativo e material necesario para o adecuado funcionamento da Comisión de Ferrol, así como tamén a realización das funcións e tarefas establecidas no artigo 8 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

2. Adoptaranse as medidas precisas que garantan a adecuación do sistema informático de asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 5º.-*Indemnizacións por asistencia.*

A concorrencia ás reunións da comisión dará orixe ás indemnizacións que correspondan, conforme o previsto no artigo 7 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro.

*Disposición derradeira*

Única.-*Entrada en vigor.*

A comisión entrará en funcionamento no prazo dun mes desde a publicación desta orde.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 3 de maio de 2010 pola que se regulan os prezos privados aplicables pola cesión temporal de instalacións e prestación de actividades formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública.*

O artigo 50 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que «son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos a que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestando tamén tales servizos ou actividades o sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados». Así mesmo, o artigo 51 da citada lei establece que os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado en que operen e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

O Regulamento de organización e funcionamento da Escola Galega de Administración Pública, aprobado mediante o Decreto 306/1990, do 24 de maio, establece, no seu artigo 18, como un dos medios económicos cos que contará a escola para o cumprimento dos seus fins «os dereitos de matrícula e demais dereitos e taxas por prestación de servizos».

Mediante a Orde do 13 de xullo de 1992 aprobáronse os prezos privados que hai que aplicar pola cesión temporal do uso das instalacións da Escola Galega de Administración Pública. Non obstante, estímase que é necesario revisar estes prezos, así como crear novos prezos privados relativos á prestación de actividades formativas.

Se ben a maior parte das actividades formativas programadas pola EGAP son gratuítas para os seus destinatarios, nalgunhas delas, debido á súa alta demanda, ao seu alto nivel de especialización ou ao seu elevado custo financeiro, é aconsellable o establecemento de dereitos e cotas de inscrición que contribúan a soportar aquelas actividades formativas que resultarían inviables noutro caso e ampliar desta forma a oferta formativa.

Na súa virtude, vista a proposta formulada pola Escola Galega de Administración Pública e logo do informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

*DISPÓN:*

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1.1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dos prezos que se aplicarán pola cesión temporal das instalacións da escola para actividades académicas ou culturais non contrapostas aos fins desta institución, así como os prezos que se aplicarán pola prestación de actividades formativas por parte da escola.

1.2. Os prezos que se aproban nesta orde pola cesión temporal de instalacións non serán de aplicación para as actividades organizadas pola Administración autonómica, excepto cando a participación na actividade de que se trate estea sometida a dereitos de inscrición. Neste caso aplicaranse os prezos que se establecen no artigo 2º desta orde.

1.3. As actividades formativas financiadas con fondos finalistas de formación continua e integradas no plan anual de formación continua elaborado pola EGAP serán gratuítas para o persoal da Administración autonómica galega. Tampouco estarán suxeitas a esta orde as actividades formativas dirixidas ao persoal da Administración local galega integradas no plan anual de formación deste persoal xestionado pola EGAP.

1.4. Todos os prezos se entenderán co IVE incluído.

Artigo 2º.-*Cesión temporal de instalacións.*

2.1. Apróbanse os prezos que se detallan a continuación para a cesión temporal de espazos da Escola Galega de Administración Pública:

| Dependencia | Media xornada | Xornada completa |
|---|---|---|
| Aulas de ata 35 prazas | 125,00 € | 155,00 € |
| Aulas de máis de 35 prazas | 125,00 € | 190,00 € |
| Aulas con equipamento informático | 190,00 € | 280,00 € |
| Salón de actos | 315,00 € | 405,00 € |

# II. AUTORIDADES Y PERSONAL

## b) NOMBRAMIENTOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA

*Orden de 31 de mayo de 2010 por la que se nombra presidente de la Comisión de Asistencia Jurídica Gratuita de Ferrol.*

Por Orden de 5 de mayo de 2010 de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia se estableció la entrada en funcionamiento de la Comisión de Asistencia Jurídica Gratuita de Ferrol, con el fin de mejorar la respuesta del sistema, incorporar elementos de equilibrio territorial y otorgar una mayor operatividad a cada comisión de asistencia jurídica gratuita.

De conformidad con lo establecido en el artículo 5 del Decreto 269/2008, de 6 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de asistencia jurídica gratuita de Galicia (DOG de 15 de diciembre), una vez comunicadas por los órganos competentes las designaciones de las personas que integrarán esta comisión, corresponde al titular de la consellería competente en materia de justicia, mediante orden, nombrar entre las personas integrantes de la comisión a su presidente/a y a la persona que lo/la sustituya.

En consecuencia, y tras ser comunicadas por la fiscalía de área, por el decano del colegio de abogados del ámbito territorial correspondiente, por el decano del colegio de procuradores de los tribunales del ámbito territorial correspondiente, por la Dirección General de Justicia y por la Dirección General de Asesoría Jurídica General las referidas designaciones, esta consellería, en función de lo establecido en el artículo 5.2º del Decreto 269/2008, de 6 de noviembre, ha dispuesto:

Artículo único.-Nombrar presidente de la Comisión de Asistencia Jurídica Gratuita de Ferrol a María Nemiña Suárez, y como presidente suplente, para el caso de que sea precisa la sustitución de la anterior, a Román Ruiz Alarcón.

*Disposición final*

Esta orden entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de mayo de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia

# III. OTRAS DISPOSICIONES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA

*Orden de 3 de junio de 2010 por la que se declara de utilidad pública la Federación de Asociaciones de Familiares y Enfermos Mentales de Galicia (Feafes Galicia).*

Por iniciativa de las correspondientes asociaciones podrán ser declaradas de utilidad pública aquellas que reúnan los siguientes requisitos establecidos en el artículo 32 de la Ley orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del derecho de asociaciones.

El expediente fue instruido de conformidad con lo previsto en el Real decreto 1740/2003, de 19 de diciembre, sobre procedimientos relativos a asociaciones de utilidad pública, y en el mismo consta la documentación y los informes previstos en la citada norma.

El Decreto 157/2008, de 10 de julio, sobre asunción de funciones de la Administración del Estado traspasadas a la Comunidad Autónoma de Galicia, mediante el Real decreto 1080/2008, de 30 de junio, en materia de declaración de utilidad pública de asociaciones, asigna estas funciones a la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, estableciendo que será competente para resolver el procedimiento de declaración de utilidad pública la persona titular de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, previa la instrucción del procedimiento por el órgano correspondiente.

De conformidad con el informe favorable de declaración de utilidad pública emitido por el instructor del expediente,

*RESUELVO:*

Declarar de utilidad pública la siguiente federación de asociaciones inscrita en el Registro Central de Asociaciones de la Comunidad Autónoma de Galicia

Denominación: Federación de Asociaciones de Familiares y Enfermos Mentales de Galicia (Feafes Galicia).

Nº de registro: 2004/108-2ª.

Contra esta orden, que pone fin a la vía administrativa, se puede interponer recurso contencioso-administrativo ante la sala correspondiente del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses, de conformidad con lo dispuesto en la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa, pudiendo interponer con carácter potestativo recurso de reposición ante el mismo órgano que dictó el acto, en el plazo de un mes, segun lo dispuesto en la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común.

Santiago de Compostela, 3 de junio de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia